

**EXPEDIENTE: 2/2018****PROCEDEMENTO: PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO****DENOMINACIÓN: CONTRACIÓN DE SERVIZO DE ASISTENCIA CONTABLE, LABORAL E FISCAL.****ACTA NÚM. 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN, DE APERTURA DO SOBRE 2: DOCUMENTACIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA, DO CONTRATO DE ASISTENCIA CONTABLE, LABORAL E FISCAL.**

No despacho do Sr. Alcalde do Concello de Sanxenxo, sendo as 9:35 horas do día 14 de xaneiro de 2019, reúnense os membros da mesa de contratación que se citan posteriormente, para proceder á apertura dos sobres 2 presentados polos licitadores.

Os membros da mesa que asisten á sesión, de conformidade coa resolución da presidencia de Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L. (en diante Ínsula Sanxenxo, S.L.), de data do 29 de outubro de 2018, son os seguintes:

- D. Telmo Martín González, presidente de Ínsula Sanxenxo, S.L. e presidente da mesa.
- D. Fco. Javier Otero Valladares, secretario do consello de administración de Ínsula Sanxenxo, S.L. e da mesa.
- D. José Juan Vidal Vilanova, interventor xeral do Concello de Sanxenxo e vogal da mesa.
- D.<sup>a</sup> María Asunción Lorenzo Outón, técnica de administración do Concello de Sanxenxo e vogal da mesa.

Coa presenza dos membros da Mesa sinalados no parágrafo anterior, procédese a súa constitución, comezando o desenvolvemento da mesma con carácter público, non atopándose presente ningún asistente ao acto.

Polo Sr. Secretario ponse en coñecemento dos membros da mesa o contido do informe emitido polo técnico do Concello de Sanxenxo, valorando as ofertas presentadas no sobre 1 polos licitadores, os cales obtiveron as seguintes puntuacións:

1. ASESORES TÉCNICOS MERCANTILES, S.L. (ASTEM, S.L.).....18 puntos
2. CARUNCHO, TOME Y JUDEL, S.L. ....14 puntos
3. KRESTON IBERAUDIT BPA, S.L. .... 15 puntos
4. LOIS CARRERA ABOGADOS, S.L.P. ....15 puntos

Igualmente, infórmase aos presentes que, de conformidade co disposto no punto 9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN do resumo de características do contrato, no seu apartado A, relativo aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, establécese que os licitadores deberán alcanzar neste criterio de adxudicación unha puntuación mínima de 15 puntos, sendo excluídas automaticamente as proposicións que non alcancen esta puntuación do procedemento de contratación. Por tal motivo, procede excluír do procedemento de contratación á mercantil CARUNCHO, TOME Y JUDEL, S.L.

Procédese a apertura do Sobre 2 presentado polo resto de empresas licitadoras, na orde que a continuación se indica.

SOBRE 2.- Presentado por **ASESORES TÉCNICOS MERCANTILES, S.L. (ASTEM, S.L.)**. Aberto o sobre 2 dáse lectura á proposición económica presentada, ofertándose a cantidade de 2.400 € + IVE.

SOBRE 2.- Presentado por **KRESTON IBERAUDIT BPA, S.L.** Aberto o sobre 2 dáse lectura á proposición económica presentada, ofertándose a cantidade de 2.280 € + IVE

SOBRE 2.- Presentado por **LOIS CARRERA ABOGADOS, S.L.P.** Aberto o sobre 2 dáse lectura á proposición económica presentada, ofertándose a cantidade de 1.750 € + IVE

Sendo as 10:45 horas, polo Sr. Presidente infórmase aos presentes no salón de sesións que suspéndese o acto de apertura dos sobres 2, aos efectos de que se poidan valorar as ofertas económicas referidas e propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa que teña obtido a maior puntuación.

Sendo as 13:00 horas, reanúdase a sesión da mesa.

Polo Sr. Secretario procédese a informar aos presentes da puntuación obtida polas empresas unha vez abertos os sobres C, conforme aos datos que se indican:

### **B. Criterios avaliábeis a través de fórmula (ata un máximo de 75 puntos):**

- Prezo ofertado polos licitadores. Valorarase cun máximo de 75 puntos o prezo ofertado polos licitadores, IVE excluído, segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Valoración} = 75 \times \frac{\text{Oferta mais económica}}{\text{Oferta do licitador}}$$

LICITADOR	IMPORTE OFERTADO	PUNTOS
ASESORES TÉCNICOS MERCANTILES, S.L. (ASTEM, S.L.)	2.400,00 €	54,69
KRESTON IBERAUDIT BPA, S.L.	2.280,00 €	57,57
LOIS CARRERA ABOGADOS, S.L.P.	1.750,00 €	75,00

En consecuencia, tendo en conta a puntuación obtida polas referidas empresas nas ofertas presentadas avaliadas mediante xuízo de valor (sobre B), a puntuación final sería a seguinte:

LICITADOR	PUNTOS SOBRE 1	PUNTOS SOBRE 2	PUNTOS TOTALES
ASESORES TÉCNICOS MERCANTILES, S.L. (ASTEM, S.L.)	18,00	54,69	72,69
CARUNCHO, TOME Y JUDEL, S.L	14,00	57,57	72,57
KRESTON IBERAUDIT BPA, S.L.	15,00	EXCLUÍDO	EXCLUÍDO
LOIS CARRERA ABOGADOS, S.L.P.	15,00	75,00	90,00

De conformidade coas puntuacións obtidas, procedería propoñer a adxudicación do contrato á mercantil Lois Carrera Abogados, S.L.P. Agora ben, aos efectos de determinar a existencia de valores anormalmente baixos aplícase o disposto no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, co seguinte resultado:

EMPRESA LICITADORA	PRECIO OFERTADO
1. ASTEM, S.L.	2.400,00 €
2. KRESTON IBERAUDIT BPA, S.L.	2.280,00 €
3. LOIS CARRERA ABOGADOS, S.L.P.	1.750,00 €
<b>TOTAL:</b>	<b>6.430,00 €</b>
Media aritmética:	2.143,33 €
Importe de oferta desproporcionada (25 %):	1.607,50 €
Importe superior ao 10 % da media:	2.357,67 €
Importe inferior ao 10 % da media:	1.929,00 €

Ao superar a oferta presentada por Astem, S.L. o importe de 2.357,67 euros, exclúese para o cálculo da media aritmética, resultando:

Nova media aritmética:	2.015,00 €
Importe da oferta inferior ao 10 % da media:	1.813,50 €

Por conseguinte, toda vez que a empresa LOIS CARRERA ABOGADOS, S.L.P. ofertou a cantidade de 1.750,00 euros, cantidade que é inferior a 1.813,50 €, considérase a mesma unha oferta anormalmente baixa, procedendo a súa tramitación de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, debendo requirirse da referida empresa a xustificación da viabilidade da súa oferta.


Sendo as 13:15 horas, dáse por finalizado o acto levantándose a sesión da Mesa de Contratación, recolléndose o contido da mesma no presente acta, que emito eu, o secretario, co visto e prace do Sr. Presidente.



Fco. Javier Otero Valladares  
*Secretario da mesa de contratación*



Telmo Martín González  
*Presidente da mesa de contratación*



Stamp: INTERVENCIÓN XERAL  
15 ENE 2018

VIOTO E CONFORME  
DATA 15/01/18